

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 11 DE XANEIRO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **ONCE DE XANEIRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL**, os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCÍA LAREO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3^o.- CONTRATACIÓN.-

4^o.- SUBVENCIONES.-

5^o.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^o. JOSÉ LUIS TORRES LÓPEZ (Rexistro de Entrada nº 147, de data 10 de xaneiro de 2008), con enderezo na rúa Cartagena , nº 13- 1^o (Silleda), que expón que é titular da licenza municipal de servizo público de taxi nº 06, para o vehículo marca MERCEDES BENZ , modelo S3220 CDI, matrícula 1680BFB, e solicita autorización para o cambio do citado vehículo .

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade acceder ó solicitado, e autorizar a D^o. JOSÉ LUIS TORRES LÓPEZ, titular da licenza municipal de autoturismo clase B) nº 06, para substituír o vehículo marca MERCEDES BENZ , modelo S3220 CDI, matrícula

1680BFB, co que viña prestando o servizo na actualidade e que causará baixa, polo vehículo marca MERCEDES BENZ , modelo E220 CDI, matrícula 6585-FYG, previo abono das taxas oportunas.

2.2.- Escrito da Dirección Xeral do Instituto da Muller - Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, Rexistro de Entrada nº 139, de data 10 de xaneiro de 2008, comunicando desestimación a solicitude de subvención formulada por este Concello, para fomentar a creación e mellora de centros e servizos de titularidade municipal, dado que houbo outras solicitudes cunha valoración máis favorable e o crédito existente é limitado e impide atender a totalidade dos programas solicitados.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Concelleira de Servizos Sociais.

2.3.- Escrito do Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), Rexistro de Entrada nº 66, de data 07 de xaneiro de 2008, comunicando que no BOE nº 302, de data 18 de decembro de 2007, publica a sentenza de 30 de maio de 2007, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, pola que se declara nulo de pleno dereito o seguinte inciso do artigo 23.2, grupo A.A.1, do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo: “que de acordo coa normativa de regulación do sector eléctrico deben estar incluídos no réxime ordinario”. Como consecuencia desta sentenza, que estimou o recurso interposto pola FEGAMP, deben ser incluídos como Bens Inmóveis de Características Especiais (BICES), ademais dos xa regulados, os parques eólicos, mini centrais e parques fotovoltaicos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Axente de Desenvolvemento Local, Sr. Abeledo Penas, para remisión de oficios ó Xerente da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia e o da Territorial de Pontevedra instando a aplicación inmediata do fallo da sentenza e inclusión no padrón de BICES do concello dos centros aludidos anteriormente para que poida ter efectos no exercicio 2008.

2.4.- Escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 68, de data 07 de xaneiro de 2008, remitindo documento de referencia para o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica do plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda remitir copia deste escrito á oficina técnica municipal e a empresa encargada da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda.

2.5.- Escrito de Dº José Manuel Toimil Castro, Rexistro de Entrada nº 91, de data 08 de xaneiro de 2008, presentado alegacións ó expediente sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, que lle foi notificado en data 28 de decembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á

Policía Local para seu informe.

2.6.- Escrito da UTE Docarbo, Rexistro de Entrada nº 86, de data 08 de xaneiro de 2008, informando sobre o corte da estrada de Reboredo EP-6502 (Silleda-Merza), coa finalidade de continuar cos traballos da obra corredor Norte-Noroeste de Lata Velocidade, eixe Ourense-Santiago, tramo: Lalín-Santiago, subtramo Silleda(Carboeiro)-Silleda (Dornelas), remitindo asimesmo permiso emitido pola Deputación Provincial de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.7.- Escrito da Asociación de Celíacos de Galicia, Rexistro de Entrada nº 130, de data 09 de xaneiro de 2008, expresando o agradecemento pola colaboración de forma desinteresada ofrecida por este Concello para que os nenos puidesen disfrutar de caramelos sen gluten durante a Cabalgata de Reis deste ano.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.8.- Escrito da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia-Unidad de Carreteras de Pontevedra-Ministerio de Fomento, Rexistro de Entrada nº 101, de data 09 de xaneiro de 2008, remitindo informe sobre aclaración das alineacións en relación coa modificación puntual do plan parcial do parque empresarial de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal.

2.9.- Escrito da Dirección Xeral de Acción Social - Secretaría Xeral do Benestar de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 124, de data 09 de xaneiro de 2008, remitindo instrucións para realización do volcado de datos da aplicación informática SIUSS (sistema de información de usuarios de servizos sociais).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Asistente Social, D^a Celia González Peteiro, para que proceda ó volcado dos datos anteriormente mencionados.

2.10.- Escrito da Asociación Unión de Minusválidos de Asturias “San Blas”, Rexistro de Entrada nº 125, de data 09 de xaneiro de 2008, solicitando autorización para venta neste Concello de axendas con horóscopo, coa finalidade de recaudar fondos para a mencionada Asociación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda acceder ó solicitado, si ben este ofrecemento realizárase por persoas a pé, sin montar posto que entorpezca o tráfico peonil ou rodado, e debidamente identificadas.

2.11.- Escritos da Subcomunidade de Propietarios (Portal A) do Edificio Morón-Uno (Silleda), Rexistros de Entrada nº 106 e 107, ambos de data 09 de xaneiro de 2008, solicitando se proceda á colocación na rúa Morón dos contenedores verdes e amarelos, así como arranxo de farolas e colocación da arqueta situada á altura deste edificio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escritos o Concelleiro de Medio Ambiente para que proceda a buscar unha solución.

2.12.- Dase conta do informe nº 11/08 da Policía Local deste Concello, de data 07 de xaneiro de 2008, relativo o escrito con Rexistro de Entrada nº 7988, de data 21 de decembro de 2007, presentado por Dº Juan Otero Lorenzo, en calidade de Administrador da sociedade Sometal S.L.U., sobre execución de obras na parcela 8A do Parque Empresarial Área 33 de Silleda por parte de Aluminios Coego S.L.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, por unanimidade acorda dar traslado do mesmo á Secretaría do Concello para que emita informe xurídico.

2.13.- Escrito da empresa Excavaciones M.E. Mejuto, S.L., Rexistro de Entrada nº 49, de data 07 de xaneiro de 2008, indicando que pola mencionada empresa estanse a executar as obras de “Mellora de intersecciones e sinalización vertical das estradas N-525 coa N-640” en Chapa (Silleda), polo que solicita permiso para circular polas seguintes pistas veciñais, facéndose responsable de reparar os desperfectos causados pola circulación dos seus camións en ditos viais:

- Tramo 1: Comprendido dende acopio do ADIF situado en Carboeiro (P.K. 0.00) ata a intersección coa estrada E.P. 6502 (P.K. 2900).

- Tramo 2: Comprendido dende estrada E.P. 6502 (P.K. 3100) ata a intersección coa estrada E.P. 6504 (P.K: 3800)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o permiso solicitado, previa presentación dun aval polo importe de 86.400 □□□.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Dase conta da Acta de Recepción correspondente á obra “Acondicionamento del Centro Social de Moalde”, de fecha 11 de xaneiro de 2008, asinada pola Alcaldesa, o Director da Obra, Sr. Pereiras Sánchez e polo contratista adxudicatario, Fernando Pena Caramés.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a esta Acta de recepción e unir a mesma ó expediente.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Escrito da Xefatura Provincial de Protección Civil - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 142, de data 10 de xaneiro de 2008, remitindo copia da Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula o réxime de axudas a concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento dos

investimentos derivados da creación, a posta en funcionamento e o desenvolvemento dos servizos municipais de protección civil, así como a cesión en propiedade de vehículos e material para misións de protección civil. (DOG nº 1 do 02 de xaneiro de 2008)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Medio Ambiente.

4.2.- Escrito da Xefatura Provincial de Protección Civil - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 143, de data 10 de xaneiro de 2008, remitindo copia da Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula o réxime de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil. (DOG nº 1 do 02 de xaneiro de 2008)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Medio Ambiente.

4.3.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 41, de data 07 de xaneiro de 2008, remitindo acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación, correspondente a súa sesión de data 19 de decembro de 2007, pola que se concede un aprazamento ata o 30 de abril de 2008 para xutificación das seguintes obras correspondentes ó PSA/06:

- Nº 100.- Abastecemento de auga en Taboada, Margaride e Piñeiro
- Nº 102.- Abastecemento de auga en Corrospedriños, Manduas e Cortegada.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

4.4.- Escrito da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Rexistro de Entrada nº 38, de data 07 de xaneiro de 2008, solicitando declaración sobre subvención concedida por parte da Deputación Provincial de Pontevedra para a Escola de Música Municipal.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 8057, de data 28 de decembro de 2007, notificando acordo de incoación de procedemento sancionador do expediente S-P-146.07, respecto do autorgamento á Sociedade Ongalaz, S.L., de licenza municipal para a construción dun edificio no soar nº 17 da Avda. do Parque, no contorno da Igrexa parroquia de Silleda (ben inventariado), sen contar coa preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. No mesmo escrito indica que a competencia para a imposición de sanción, ven atribuída polo artigo 96.1 LPCG, conforme ao cal corresponde:

- a) Ao director xeral de Patrimonio Cultural: sancións de ata 60.101,21 €
- b) Ao conselleiro de Cultura e Deporte: sancións comprendidas entre 60.101,22 € e 150.253,02 €.
- c) Ao Consello da Xunta de Galicia: sancións superiores a 150.253,03 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Consultoría e Asistencia Xurídica do Concello.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO ACCTAL.